

ORDENANZA NÚMERO 405

PREZO PÚBLICO POLA PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA “APRENDE XOGANDO”

ARTIGO 1º. CONCEPTO

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación cos artigos 41 a 47, do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, este Concello establece o prezo público pola participación no programa “Aprende xogando”, cuxas normas reguladoras contéñense na presente Ordenanza.

ARTIGO 2º. OBRIGADOS Ó PAGAMENTO

Están obrigados ó pagamento do prezo público regulado nesta Ordenanza quen se beneficie da actividade prestada por este Concello, a que se refire o artigo anterior.

ARTIGO 3º. CONTÍA

A contía do prezo público regulado nesta ordenanza será a seguinte, o cal non inclúe o IVE, que será de aplicación conforme á normativa vixente:

Pola participación na actividade media xornada:	1,00 €xornada
Pola participación na actividade en xornada completa:	3,00 €xornada

A actividade terá media xornada nos casos en que se desenvolva só en horario de tarde e cunha participación na actividade superior a tres horas.

A actividade terá xornada completa nos casos en que se desenvolva en horario de mañá e tarde (Nadal, Semana Santa e Vacacións de verán).

ARTIGO 4º. NACEMENTO DA OBRIGACIÓN

A obrigación de pagamento do prezo público regulado nesta Ordenanza nace dende que se inicie a realización das actividades, sen prexuízo das exencións e bonificacións que se establecen.

ARTIGO 5º. EXENCIONS E BONIFICACIONES

1. Quedarán exentos do pago aquelas persoas que participen na actividade nun período que non supere as tres horas ó día.

2. As persoas ou entidades interesadas na obtención dos beneficios a que se refire o parágrafo anterior comunicarán na solicitude de inscrición esta circunstancia. Nos casos nos que se pretenda aumentar a duración da participación na actividade deberá aboar a cantidade que corresponda conforme o artigo 3º.

ARTIGO 6º. NORMAS DE XESTIÓN

1. O pagamento do prezo público efectuarase, en todo caso, con carácter previo á participación na actividade, o cal poderá esixirse en réxime de autoliquidación.

A reserva da praza na actividade considerárase confirmada unha vez se teña recibido resgardo do preceptivo ingreso efectuado no prazo que se sinalen nas normas de admisión. Transcorrido o dito prazo sen terse efectuado o ingreso quedará anulada a reserva.

2. A renuncia á praza na actividade realizada polos interesados ben antes do comezo ou durante o mes de duración da mesma, non producirá devolución do importe do prezo público ingresado.

PUBLICACIÓN ÍNTEGRA: BOP núm. 294 do 24 de decembro de 2007